



Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia para a colaboración e compartición de coñecemento no marco do proxecto "EdugallA", o cal está suxeito á obtención de financiamento da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (FID), do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, o Consorcio **Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia** (en diante "CITMAGA"), con N.I.F S1500132D, e domiciliado en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro, s/n, 15782-Santiago de Compostela, creado de acordo ao convenio de colaboración e estatutos publicados o xoves 19 de Agosto de 2021 no Diario Oficial de Galicia, segundo resolución do 30 de xullo de 2021 do reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en representación das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, e no seu nome e representación Dona **ROSA MARÍA CRUJEIRAS CASAIS**, maior de idade, con DNI núm. 52931780V, en calidade de Directora Científica de CITMAGA, e con poder para este acto, concedido polo Consello Reitor do Centro celebrado o 8 de setembro de 2021.

MANIFESTAN



1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería).

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta idónea ás necesidades específicas de apoio educativo, incluíndo a loita contra o abandono escolar e a diminución da taxa de abandono educativo temperán, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que dediquen os seus esforzos a esta finalidade.

Con esta finalidade a Consellería diseña o proxecto EdugallA cuxos obxectivos son a loita contra o abandono escolar e a diminución da taxa de abandono educativo temperán.

3. Que Dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 no seu eixe 4 "Cohesión social e territorial" e co fin de promover unha educación inclusiva e de calidade establécese como reto *"Consolidar un rendemento escolar por encima da media europea, reducindo aínda máis o fracaso escolar e o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do conxunto do alumnado, en especial do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (alumnado con necesidades educativas especiais, dificultade de aprendizaxe, altas capacidades, alumnado estranxeiro, etc.)"*.

4. Que o Consello da Xunta presentou o 02/09/2023 a Estratexia de Educación Dixital 2030 que entre as súas accións de impacto establece a A4 que avoga por unha Administración Educativa Dixital.

5. Que os obxectivos do proxecto EdugallA forman parte da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible da UNESCO; en particular, están aliñados co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 4 (ODS 4 Educación de Calidade).

6. Que o CITMAGA é un consorcio público constituído polas tres Universidades galegas (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo), creado de conformidade co acordo de colaboración e estatutos publicados o xoves 19 de agosto de 2021 no Diario Oficial de Galicia, segundo resolución do 30 de xullo de 2021 do reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en representación





das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, como entidade sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica de seu; ao amparo do capítulo VI do título II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. O obxecto do CITMAGA é a investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento en todas as áreas das matemáticas, a través do establecemento dunha axenda científica orientada e especializada, organizada en áreas de investigación e programas dirixidos á consecución dos retos globais establecidos nas estratexias marco de I+D+i. O CITMAGA ten como fin converterse nun pilar de excelencia científica dentro do ecosistema de innovación e investigación de Galicia, formando, atraendo e retendo talento, para dotar a sociedade, a industria galega e a española de coñecemento innovador e vantaxes competitivas e sostibles a través do acceso a capacidades científicas e tecnoloxías de primeiro nivel. Así mesmo, o CITMAGA considera como eixe fundamental da súa actividade o ánimo á transferencia de tecnoloxía e coñecemento a través da súa oficina de xestión dos resultados da investigación (ITMATI) e do programa transversal de transferencia do consorcio.

Son fins específicos do CITMAGA (artigo 3 dos seus Estatutos):

- A xeración de coñecemento científico e tecnolóxico, así como a contribución da súa aplicación para o desenvolvemento e fortalecemento da capacidade competitiva do tecido produtivo no ámbito da tecnoloxía e a innovación.
- O fomento de colaboracións académicas, científicas e de transferencia de coñecemento con universidades e centros de prestixio autonómicos, nacionais e internacionais, tanto no campo das matemáticas como promovendo a súa interdisciplinabilidade.
- A contribución á formación matemática e á vocación de transferencia do coñecemento das novas xeracións, á promoción de novos talentos e á divulgación das matemáticas.
- A contribución ao fortalecemento da relación entre os organismos xeradores de coñecemento e o tecido produtivo, facilitando a introdución de técnicas e métodos matemáticos e proporcionando servizos de apoio á innovación empresarial.

7. Que o CITMAGA é un consorcio público constituído polas tres Universidades galegas (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo), que, entre os seus servizos, proporciona asistencia técnica e asesoramento tecnolóxico en proxectos de innovación TIC polo que é a institución adecuada para asesorar ao proxecto EdugallIA, na vertente de "asesoramento científico no marco do proxecto".



O grupo de traballo de CITMAGA no marco deste convenio estará constituído por:

- Directora Científica de CITMAGA: Rosa María Crujeiras Casais.
- Eduardo García Río (Académico da Real Academia Galega de Ciencias e investigador vinculado a CITMAGA da USC).
- Wenceslao González Manteiga (Académico da Real Academia Galega de Ciencias e investigador vinculado a CITMAGA da USC).
- Juan José Nieto Roig (Académico da Real Academia Galega de Ciencias e investigador vinculado a CITMAGA da USC).
- Marta Pérez Rodríguez (Profesora Titular da Universidade de Vigo, experta en Didáctica das Matemáticas, e investigadora vinculada a CITMAGA).
- Ana Belén Rodríguez Raposo (Profesora Contratada Doutora da Universidade de Santiago de Compostela, experta en Didáctica de las Matemáticas, e investigadora vinculada a CITMAGA).
- Elena Vázquez Cendón (Decana da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela e investigadora vinculada a CITMAGA).

Ademais do seu persoal investigador propio, a CITMAGA están vinculados 109 investigadores das tres universidades galegas. Este equipo de investigación conta cunha ampla experiencia e recoñecido prestixio no desenvolvemento de solucións para o mundo empresarial e a administración pública, ben de forma autónoma, en colaboración coas propias empresas ou administracións, ou con equipos doutras áreas de coñecemento. Igualmente, CITMAGA ten experiencia probada en actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico relacionadas co estudo que se vai a levar a cabo e no ámbito que se describe no marco deste convenio: *“Prestar asesoramento científico no marco do proxecto Edugalia”*.

8. Que o 23 de xuño de 2023, se publicou no BOE a Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación destinada a fomentar o desenvolvemento e adquisición de produtos ou servizos innovadores, co fin de:

- a) Mellorar os servizos públicos, en termos de eficacia ou eficiencia;
- b) Mellorar a innovación e a competitividade empresarial, atraendo fondos para a I+D+i empresarial mediante a contratación;



- c) Reforzar a comercialización da innovación empregando o cliente público como cliente lanzador ou de referencia;
- d) Estimular o emprendemento e a innovación, particularmente das PEME.

En consecuencia, as dúas partes acordan subscribir este convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O presente convenio ten por obxecto a análise e a adecuación, no campo do proxecto EdugallA, das tecnoloxías relativas á intelixencia artificial, o procesamento de linguaxe natural e as bases de datos. Para iso o equipo do CITMAGA prestará asesoramento científico no marco do proxecto EdugallA. Pola súa banda a Consellería cooperará co CITMAGA no desenvolvemento do proxecto EdugallA proporcionándolle a información que fose pertinente para a súa actividade científica conforme á normativa vixente en protección de datos.

Segunda. *Actuacións a realizar*

No marco do presente convenio de colaboración, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comprométese a proporcionar toda a información científica e técnica que fose necesaria para a realización da actividade científica do CITMAGA no marco do proxecto EdugallA.

Pola súa banda o CITMAGA comprométese a prestar asesoramento na vertente pedagóxica, científica, no desenvolvemento e implementación de bases de datos coa finalidade de deseñar plataformas dixitais que axuden á loita contra o fracaso escolar e o abandono educativo temperán así como a prestar a súa colaboración na difusión de información a través de estudos que resulten de interese para a comunidade tanto científica como educativa no marco do citado proxecto EdugallA.

Terceira. *Tratamento de conflitos de interese.*

Para os fins deste convenio, entenderase por conflito de interese calquera situación na que os intereses persoais das persoas involucradas na execución do presente



acordo, xa sexan financeiros, profesionais ou de calquera outra índole, poidan influír ou ser percibidos como capaces de influír no exercicio obxectivo e imparcial das súas funcións.

A presente cláusula atópase fundamentada no artigo 64 da LCSP, o cal establece a obrigaón de previr e xestionar os conflitos de interese que poidan xurdir durante a execución dos convenios e contratos do sector público.

Co fin de previr e xestionar os posibles conflitos de interese froito da presente colaboración, as partes signatarias do presente convenio acordan as seguintes disposicións relativas á participación do CITMAGA en tarefas relacionadas coa definición de pregos e a designación de perfís a través de IP, co propósito de obviar a eventualidade de conflitos de interese e propiciar a transparencia nos procedementos de futuras licitacións:

a) Posto que as actividades obxecto deste convenio poderán incluír aspectos técnicos relacionados coa definición de pregos derivados da execución do proxecto "EdugallA" ou avaliación de ofertas de licitadores, establécese que:

- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional notificará previamente á outra parte por escrito as actividades do convenio que garden relación coa definición técnica dos pregos derivados da execución do proxecto "EdugallA" ou da avaliación de ofertas.
- En virtude do artigo 64 LCSP poderán concorrer, como parte dunha proposta investigadores específicos do CIMTAGA en xeral que non participasen en actividades do convenio que garden relación coa definición técnica dos pregos derivados da execución do proxecto "EdugallA" ou da avaliación de ofertas. Por iso, no marco do presente convenio deberá existir unha notificación inicial do persoal designado polo CIMTAGA para executar as actividades obxecto do presente convenio, a correspondente declaración responsable do deber de confidencialidade e unha ausencia de conflito de interese, extremo que acreditarán asinando unha Declaración de Ausencia de Conflitos de Interese (DACI). Dita relación de persoal implicado no convenio reflectirá en cada momento os cambios que se produzan no equipo asignado por parte do CIMTAGA ao presente convenio, mantendo en todo caso a necesidade de que se asinen as correspondentes declaracións responsable do deber de confidencialidade e unha ausencia de conflito de interese.

b) Ambas as partes designarán un Punto de Contacto Principal, para coordinar e



xestionar tarefas vinculadas á definición de pregos.

c) Ambas as partes comprométense a manter a transparencia en todas as tarefas vinculadas á definición de pregos, proporcionando información completa e precisa sobre as actividades realizadas e os perfís involucrados.

d) O CIMTAGA deberá completar e asinar as Declaracións de confidencialidade de datos aos que teñan acceso con motivo do desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio.

e) O CIMTAGA deberá completar e asinar as Declaracións de Ausencia de Conflitos de Interese (DACI) correspondentes. A DACI conterá unha declaración veraz e completa de calquera relación financeira, persoal, ou doutro tipo, que poida influír na capacidade da parte para cumprir coas obrigacións estipuladas neste acordo.

Cuarta. *Propiedade Intelectual*

En ningún caso as cláusulas do presente acordo supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade entre as partes.

Quinta. *Financiación*

O presente convenio non contempla ningún tipo de contido económico nin xera ningún compromiso ou obrigação recíproca, de carácter económico, financeiro ou xurídico, que puidese ser obxecto de reclamación ou litixio entre as partes. As actuacións que efectúen as partes no marco deste convenio desenvolveranse con cargo aos seus respectivos orzamentos correntes.

Sexta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal do CITMAGA e a Xunta Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/o a vixencia deste convenio.



Sétima. *Comisión de seguimento*

1. Para o seguimento do convenio así como para o coñecemento de calquera cuestión que poida xurdir sobre a súa interpretación, control da execución e cumprimento dos compromisos asumidos polas partes constituirase unha comisión mixta de seguimento constituída por catro persoas, designando cada unha das partes dúas, correspondendo a presidencia a unha das persoas representantes da Consellería e a secretaría a unha do CITMAGA.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez no curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Realizar o control da execución e do cumprimento dos compromisos asumidos polas partes e analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.





Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contenciosa administrativo, tras esgotar a vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir os deberes que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir cos deberes derivados da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. *Extinción do convenio*

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo sen acordarse a prórroga do mesmo.



- b) O acordo unánime das partes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos por algunha das partes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria de nulidade.
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo segunda. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa firma, e o prazo durante o cal se desenvolverá a actividade de asesoramento e apoio na execución do proxecto "EdugallA" será de catro anos, renovable anualmente, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal de catro anos.

Décimo terceira. *Notificación electrónica*

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e por tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





Décimo cuarta. *Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno*

A firma deste convenio supoñerá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

Pola CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Polo CITMAga

O CONSELLEIRO,

A DIRECTORA CIENTÍFICA,

Román Rodríguez González

Rosa María Crujeiras Casais

